

**Astroloxía/
Meteorloxía**

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A lúa

Para os habitantes das aldeas de Navia de Suarna (Lugo), a lúa de marzo en crecente é boa e mata a mala herba. A matanza faciase nos meses de inverno e, a poder ser, en lúa minguante para que o touciño non se puxera amarelo. A lúa é para os habitantes dos Ancares como o axente que regula o ciclo da circulación do sangue non só nas persoas, senón tamén nos animais e nas plantas. O crecente e o minguante marcan os momentos nos que a lúa actúa con máis ou con menos forza sobre o sangue; no crecente é cando sobe da raíz ao talo, do corazón ás extremidades. Durante o minguante din que é cando o sangue baixa, concentrándose en torno á raíz e perdendo vigor o organismo. O crecente de marzo e o minguante de agosto marcan os momentos do ano de máis e de menos forza da lúa. En crecente elimínanse as malas herbas por iso é cando se aran, ao cortar as malas herbas desangran e morren. Os artesáns dos Ancares din que se debe cortar a madeira coa que van a traballar no minguante de outubro, novembro ou decembro por ser o momento do ano en que a lúa envellece e vai perdendo a súa forza, e as ramas das árbores non teñen sangue. Din que se cortan a madeira noutra época do ano o máis normal é que se abiche. Tamén din que o mellor momento para matar o porco é de novembro ata decembro, porque en xaneiro entra a lúa de ano novo e xa non se conserva ben a carne; e nunca debe matarse a partires de marzo.

[Texto de Xabier Moure Salgado. Decembro de 2011]